

INTERVENCIÓN DO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA NA COMPARECENCIA NO PARLAMENTO GALEGO POLO DEBATE DE POLÍTICA XERAL 2025

Ao cumprirse un ano desde o comezo desta lexislatura, creo que é un bo síntoma dunha democracia sa e vigorosa que manteñamos, como imos facer hoxe aquí, un Debate de Política Xeral para facer balance de todo o logrado, para analizar o escenario actual e os seus retos e profundar no noso proxecto de futuro con propostas.

Desde o principio desta sesión quero deixar tendida a miña man para enriquecer a folla de ruta dun Goberno que é o Goberno de toda Galicia. Todas as achegas construtivas que xurdan nestes dous días serán escoitadas e valoradas e ogallá que cheguemos a consensos.

Cando o mundo máis padece os efectos do dogmatismo, a soberbia e a cerrazón, máis convencido estou de que Galicia debe conducirse desde o pragmatismo, a humildade, a apertura e o sentidiño. O que funcione debe seguir aplicándose, o que non é útil debe cambiarse. Así votan os galegos normalmente e así debemos actuar nós que os representamos. Creo que é a mellor forma de acertar nun escenario dominado polas incertezas e das que, por suposto, Galicia non pode abstraerse.

A día de hoxe, ninguén sabe como se resolverá a guerra comercial que tantos titulares deu durante as últimas semanas. É imposible saber con exactitude que hai de amagos e que hai de realidades. Pero o que é seguro é que terá un impacto sobre a nosa economía e sobre as nosas vidas.

Hai unha semana reunímonos cos sectores máis expostos a estas incertezas, aos que lles trasladamos que nos comprometemos a dotarlles de liñas de liquidez e asesoramento para diversificar e abrir novos mercados, para axudalos cando máis o necesitan.

Pois ben, hoxe anúnciolles que a Xunta xa ten un equipo específico analizando o posible impacto desta guerra comercial nas cifras macroeconómicas de Galicia. Farémolo desde o Instituto Galego de Estatística, que desde hai unhas semanas está adscrito á Oficina Económica da Presidencia da Xunta de Galicia.

É así como poderemos contar coa información necesaria para perfilar, a medio e longo prazo, a reacción da nosa comunidade ante este novo escenario, que por suposto debe ser coordinada tamén a nivel nacional e europeo.

Calquera paso en falso pode saírnos moi caro. Hai que ser moi coidadoso e riguroso. As exportacións son un dos principais motores da nosa economía. Levamos 10 anos consecutivos (coa única excepción de 2020) batendo récords e en 2024 rachamos co teito histórico: 31.000 millóns de euros en vendas ao estranxeiro.

As exportacións galegas medraron 16 veces máis que no conxunto de España e as importacións mantivéronse estables, polo que a nosa balanza comercial é cada vez mellor. Creo que isto é moi importante e temos que facer o posible para conservalo.

Esta orientación ao exterior é a que confire ao modelo galego un plus de solidez en comparación cos crecementos económicos que se sustentan fundamentalmente no gasto público. O noso non. Esta estrutura económica non é unha debilidade, senón unha fortaleza e agora vese máis que nunca.

Dito doutro xeito. Perante as dúas alternativas que existen ante este escenario tan complicado, repregarnos sobre nós mesmos ou reafirmarnos na nosa orientación ao exterior, creo que todos deberíamos estar de acordo en que hai que elixir a segunda.

A apertura é a opción máis coherente coa nosa identidade e coa nosa Historia. Galicia foi sempre un país con mirada longa, desde a nosa privilexiada posición como balcón ao Atlántico, e como última parada de Europa antes de cruzar o charco cara a América.

Señorías, pecharnos en nós mesmos sería traizoar a memoria dos centos de milleiros de galegos que gravaron o nome da nosa terra por todo o mundo. Ante o novo escenario internacional, Galicia debe responder con prudencia, por suposto, pero xamais con medo. Quedarnos, temerosos e empequenecidos, no noso recuncho do continente non nos axudaría a prosperar, senón todo o contrario.

Nesa liña, aproveitaremos a nosa posición nas institucións europeas: a Presidencia da Eurorrexión que conformamos xunto ao Norte de Portugal, do que agora mesmo son presidente de turno, ou a vicepresidencia que tamén ostento do Comité das Rexións para levar a voz de Galicia a todos os recunchos.

Señorías, hoxe máis que nunca é o momento de pensar Galicia en grande. É o momento de perfilar un proxecto de país en positivo, con optimismo e ambición, non quedarnos nun acomodaticio “non a todo” que é o primeiro paso para a irrelevancia. É o momento de apostar polo que funciona e aprender da experiencia, propia e allea, non de abrazarnos a vellos dogmas que hai moito que perderon a súa validez aínda que algúns non se den conta.

Pensar Galicia en grande, nunha Galicia calidade, significa sacudirnos os complexos e confiar en que os nosos fillos e netos poden vivir mellor do que nós vivimos. Pero para que iso sexa realidade é necesario dar os pasos axeitados para que a nosa terra siga crescendo.

Todo o que acontece a nivel internacional demostra que a sensatez non é algo predeterminado nin que veña de serie, senón unha escolla colectiva dos pobos. A nosa terra leva moitos anos elixindo sentidiño e estou convencido de que esa vía é a que nos permitirá acadar a mellor Galicia da nosa Historia. Para iso traballamos. Galicia pensada en grande. Ese é o noso obxectivo e o noso pobo é capaz.

Señorías. Defender os intereses de Galicia depende en moitas ocasións de contar cun centro de decisión forte, incardinado noutros ámbitos territoriais pero forte e autónomo. Esa foi a idea dos galegos que, aproveitando os ventos de cambio da Transición democrática e as oportunidades que se abrían a nivel nacional, comezaron a construción das institucións autonómicas.

Decidir é poder. O autogoberno é a mellor garantía de que os poderes públicos teñan sempre a Galicia como o seu norte. Isto é especialmente importante nun momento no que parece que Goberno central ten prioridades moi distintas do interese xeral ou polo menos moi distintas dos intereses de Galicia.

A honra que supón ser Presidente só ten sentido se podo contribuír a facer mellor a vida dos galegos. Desde esa mesma lóxica, Galicia quere ampliar os marcos do seu autogoberno naqueles campos onde poidamos axudar ao noso pobo. O noso é un autonomismo útil, que non quere competencias só por encabezar algún tipo de ranking nin por competir con ninguén, senón por exercerlas naqueles ámbitos onde cremos que podemos dar solucións que o Goberno central non está a dar.

Hai apenas dúas semanas, formalizamos no Pazo de Raxoi a transferencia da xestión do litoral. É unha das ocasións onde o adxectivo “histórico” aquí pode usarse con toda a propiedade, non queda grande. A disposición contemplada no artigo 27.3 do noso Estatuto de Autonomía materializouse, por fin, case 45 anos despois de que fose redactada. Galicia terá plenas competencias sobre 1,6 millóns de hectáreas do noso litoral.

A Comunidade Autónoma con máis quilómetros de litoral vai poder xestionala de seu.

Gustaríame facer neste hemicycle un pequeno repaso de todo o proceso que se viviu ata culminar esta moi pelexada transferencia, tanto en aras da sinceridade e claridade, que se saiba o que pasou, e tamén para previr actitudes similares no futuro.

Primeiro, cando a Lei do litoral avanzaba a súa tramitación dentro da Xunta, un alto cargo do Goberno central cualificouna como “case unha declaración de independencia”, retratándose non só a si mesmo senón tamén ao Goberno do que forma parte. Ninguén lle desmentiu.

Despois, cando xa fora aprobada polo Parlamento, unha ministra comunicoume telefonicamente que o Consello de Ministros aprobaría un recurso ante o Tribunal Constitucional por esta Lei, sen antes abrir —como adoita ser habitual— un proceso de negociación.

Sempre, durante todo este proceso, botei en falta un apoio por parte da oposición que nunca chegou, pero que si sentín da sociedade civil galega. O dos interesados. Empresas, particulares, persoas que crían que isto era bo.

Como defendera a Xunta, a Lei do litoral encaixa plenamente dentro da nosa Carta Magna, e así o certificou o Tribunal Constitucional. Con todo, tivo que pasar un ano para que o Goberno materializase o traspaso, deixando pasar polo medio a outra comunidade autónoma que o tivo moito máis fácil, que non tiveron que pelexar o que sempre se lle obriga a pelexar a Galicia.

Señorías: se eu estivese na oposición, tería estado no acto oficial do traspaso. Por compromiso co autogoberno, por coherencia e por responsabilidade institucional. A ausencia dos voceiros da oposición no Pazo de Raxoi foi a culminación da súa ausencia durante toda esta batalla política e legal. Isto, tamén, quedará para a Historia.

Señora Pontón, señor Besteiro: con ou sen vostedes, Galicia ten un plan para o seu litoral, e xa estamos a traballar nas primeiras medidas sen esperar nin sequera a que o 1 de xullo se faga efectiva a transferencia.

No eido normativo, cun novo procedemento unificado para todas as autorizacións e permisos que son necesarios para vivir e traballar no litoral: reducir o papelame e os tempos de espera no máximo posible.

No cultural, aprobarase de xeito inmediato o primeiro Catálogo do patrimonio do litoral, para dignificalo, preservalo e difundilo. É moito e precisa estas accións.

No ámbito da mobilidade e o lecer, avánzolle que a Xunta está planificando xa unha rede de sendas que conectará o litoral galego de punta a punta, desde Ribadeo ata A Guarda, unindo e homoxeneizando tramos que xa existen por todo o litoral e facendo outros novos.

E no eido económico e turístico, dúas medidas. Crearemos unha guía para a integración dos establecementos hostaleiros do litoral, que poden e deben contribuír a unha costa harmónica a nivel paisaxístico. Nese documento haberá orientacións para que a estética destes locais sexa coherente entre si e coa paisaxe. O litoral é para desfrutalo e para respectalo.

E antes de que remate este ano lanzaremos un programa para recuperar e rehabilitar edificacións valiosas a nivel arquitectónico, histórico e cultural, que agora son ruínas, para poidan ter un aproveitamento económico e contribuír ao desenvolvemento das zonas nas que se atopan. Hai moitos emprendedores e persoas novas que lles gustaría, e que supoño que serán cualificados polos de sempre como especuladores. Eu reivindico a creación de riqueza en Galicia.

Señorías, o dito: autonomismo útil. Competencias para exercelas. Poder para servir. Este gran paso para o autogoberno galego marca o camiño a seguir para o futuro. Hai outras competencias que se poderían exercer mellor se dependesen da Xunta e por elas imos traballar.

En primeiro lugar, negociaremos co Goberno unha xestión compartida das alertas meteorolóxicas. Vimos por desgraza o importante que era coa recente DANA de Valencia. Hai que combinar as capacidades da Aemet e as de Meteogalicia para prestar un servizo óptimo. Pediremos que así sexa igual que noutras Comunidades autónomas.

En segundo lugar, seguiremos reivindicando en todos os foros e por todas as vías o rescate da concesión da AP-9 e a súa transferencia a Galicia. Que, malia as bonificacións en vigor, a Autoestrada do Atlántico siga sendo un 6,5% máis cara por quilómetro que as vías de peaxe autonómicas mentres que a súa concesionaria obtén beneficios récord demostra que hai moita marxe de actuación.

Cómpre que o Goberno central faga unha reflexión: é razoable que gaste cada exercicio máis de 84 millóns de euros en bonificacións cando, segundo os cálculos dos técnicos, con 2400 millóns podería recuperarse a concesión? Galicia marcou o camiño a seguir, aprobando o ano pasado o rescate de catro autoestradas con peaxe en sombra. Hai que seguir por ese camiño.

Ou rescate, ou transferencia, ou mellor primeiro rescate e despois transferencia. O que é insultante é seguir escoitando promesas incumpridas de gratuidade. O que é insostible é que a situación siga sendo de bloqueo político absoluto, máis de corenta demoras só nesta lexislatura no Congreso, mentres os cidadáns soportan cada ano —vía impostos ou vía peaxes— máis gastos para pagar a AP-9.

En terceiro lugar, reclamaremos que se transfira á nosa comunidade unha competencia que se fai moi urxente: a xestión dos permisos de traballo, que xa teñen noutros lugares de España.

Ante a falta de man de obra que atenaza moitos sectores produtivos, é necesario que se active un procedemento exprés que permita que as persoas de fóra da Unión Europea poidan traballar en Galicia con todos os papeis en regra. Se o Goberno central estivera xestionando esta competencia axeitadamente non era necesario pedila, pero é evidente que non.

Para iso, propóñolles que o Parlamento de Galicia solicite do Estado a transferencia vía Lei Orgánica das competencias de execución da lexislación laboral en materia de autorizacións de traballo dos inmigrantes, que o solicite este Parlamento. Isto inclúe as competencias necesarias para a xestión de políticas activas de emprego que favorezan a súa inserción laboral.

Señorías. Téndolles a man para acadar un acordo que sería positivo para que Galicia teña a capacidade de autorizar rapidamente que os estranxeiros que queiran asentarse aquí para traballar poidan facelo de xeito sinxelo. Solucionarlles a súa vida e a de moitos empresarios que precisan cubrir esas vacantes.

E en cuarto lugar, non esqueceremos que hai máis de tres anos o Goberno comprometeu que Galicia coxestionaría o Ingreso Mínimo Vital. O noso interese segue estando sobre a mesa, o desinterese do Goberno central por cumprilo tamén. Rachemos con esta situación. Queremos recibir esta competencia xunto co financiamento asociado para garantir que esta prestación estea vinculada coa inserción laboral das persoas que o reciban. O obxectivo das axudas de inclusión social non debe ser que o beneficiario as reciba a perpetuidade, senón todo o contrario: que consiga saír delas canto antes.

Señorías, sen dúbida é desexable ter unha relación o máis fluída posible co Goberno central, pero iso require que exista unha mínima correspondencia.

Resulta moi difícil de entender que —mentres que outras comunidades que non necesito mencionar se lles tolera e aplaude todo— nós teñamos que acudir a unha comisión bilateral que nos plantexa o Goberno central a pelexar a constitucionalidade das valoracións de discapacidade, do retorno social dos parques eólicos e de que sumen a máxima produción enerxética co mínimo impacto paisaxístico, ou das medidas para incrementar a oferta de vivenda. Non é normal que todo isto se nos discuta a nós sempre.

Insisto: gustaríame ter unha relación máis fluída co Goberno central, pero aínda me gustaría máis que o Goberno central cumprise con Galicia. Se teño que escoller entre defender os intereses da nosa xente ou quedar ben cos Ministerios, está claro o que imos escoller.

Non esquezamos que para que a Administración autonómica poida exercer as súas competencias —as actuais e as que poidamos conseguir nos vindeiros anos— con todas as garantías, é necesario reforzala coas persoas que permiten cada día que todo funcione: os empregados públicos, tan inxustamente vilipendiados por vostedes ultimamente.

Ao longo desta década, a Administración profundará nun proceso de remuda xeracional que xa está comezado. Por iso, despois de que desde 2020 se incorporasen máis de 17.500 novos profesionais, neste ano convocaremos máis de 4.670 novas prazas para seguir revitalizando, rexuvenecendo e engrasando a maquinaria da Xunta de Galicia e dos servizos públicos que dependen dela.

Tamén continuaremos modernizando a Administración xudicial na medida das nosas competencias, para facilitar o traballo aos profesionais imprescindibles e que a atención que se presta á cidadanía sexa a óptima. Nesta liña van os avances cara á nosa oficina xudicial ou a simplificación dos trámites para as parellas de feito.

Señorías, non esquezamos unha parte fundamental da vertebración de Galicia, os concellos. Por traxectoria e por convicción son un firme defensor do municipalismo. Avánzolle que neste semestre comezará a tramitarse unha nova Lei de administración local de Galicia para reforzar a relación entre a Xunta e os Concellos.

A nova Lei condensará nun só texto as disposicións que antes estaban dispersas en cinco leis, ademais de incorporar as novidades dos últimos anos en materia de Administración electrónica, transparencia ou innovación.

Coa nova Lei, Galicia sitúase á vangarda das regulacións autonómicas en materia de réxime local, abordando problemáticas como a delimitación dos municipios máis afectados polo reto demográfico que son moitos. Ante a inacción do Goberno central, crearemos un réxime especial para os concellos en risco de despoboamento, con actuacións e plans específicos e con dotación orzamentaria para levalo a cabo.

Será un reflexo máis do apoio da Xunta aos concellos e que neste ano conta con máis apoio da Xunta que nunca, con 644 millóns de euros neste ano.

Seguiremos reclamando ao Goberno central fórmulas de financiamento local que, en paralelo coa imprescindible reforma do financiamento autonómico, teñan tamén en conta a dispersión e o envellecemento da poboación e o sobrecusto que iso implica para as Administracións públicas.

Esta mesma semana mantivemos unha reunión técnica co Goberno central na que lles reiteramos a postura de Galicia sobre a cuestión do financiamento, que é —ao noso entender— un dos grandes debates que marcarán o rumbo desta España que compartimos.

Dubido que haxa un só galego que crea que a mal chamada condonación da débeda autonómica é unha decisión que se toma pensando nos intereses da nosa terra e non nos intereses concretos das Comunidades autónomas de sempre.

A mutualización (porque iso é a realidade) da débeda non supón máis fondos para mellorar os servizos públicos, algo que si se lograría cun novo financiamento autonómico.

A mutualización da débeda non supón a súa desaparición. Simplemente cambia de mans: das comunidades autónomas máis apalancadas, das que máis cartos deben, ao conxunto dos españois, incluídos os galegos, que pasaremos a deber 600 millóns de euros máis, máis de 223 € por galego. Non é xusto.

Nestes anos, Galicia mantivo as contas saneadas a base de non gastar o que non tiñamos, aínda que —como comprenderán— facer política é moito máis sinxelo cando se utilizan fondos sen control.

Doulles un dato moi ilustrativo. En 2024, ano electoral, Galicia reduciu o seu endebedamento en 234 millóns de euros, volvendo a niveis do ano 2012. Neses mesmos 12 anos nos que a débeda galega volveu ao punto de partida, a débeda da Administración Xeral do Estado, a administración de todos, engordou noutros 567 miles de millóns de euros.

Con medidas como o reparto da débeda autonómica, o Goberno central está logrando o sensentido de que a xestión razoable se converta nunha xestión castigada, porque todos os incentivos e todos os premios van para as comunidades que xestionaron peor. Que país queremos construír entre todos cando se recompensa a quen o fixo mal e se penaliza a quen o fixo ben?

Señorías. Unha boa marcha da economía senta os cimentos para que un país funcione. Por iso é tan importante repasar as cifras que está rexistrando Galicia, día a día, mes a mes, ano a ano, grazas ao talento e ao esforzo dos traballadores e dos empresarios: o PIB per capita de Galicia é o que máis creceu en toda España desde 2009; o paro está en mínimos históricos e caeu un 7,6% nos últimos 12 meses; hoxe están cotizando á Seguridade Social preto de 50.000 galegos máis que no ano 2009; somos a segunda comunidade na que máis creceron os salarios neste tempo, sete puntos por riba da media nacional; e, como xa mencionei anteriormente, as exportacións seguen batendo plusmarcas e tirando do resto da economía.

Todas estas cifras non son unha abstracción nin son simples números sen conexión coa vida cotiá dos galegos. As boas magnitudes macroeconómicas teñen consecuencias positivas sobre todo o tecido social: significa que cada vez hai máis persoas contribuindo ao progreso de Galicia e que a riqueza que xeran pode financiar a mellora dos servizos públicos sen ter que aumentar a carga fiscal.

E unha economía próspera e saudable tamén ten as súas explicacións e causas: a aposta polo talento e a formación, o aproveitamento das nosas potencialidades estratéxicas, que as temos e cada vez máis, e tamén unha contorna institucional que favoreza a creación de empresas e o seu desenvolvemento.

O que non serve de nada é atacalos e dicir que teñen a culpa de todo. Os que crean riqueza deben ser apoiados e as cousas funcionan.

As fórmulas de axilización e simplificación administrativa como a Oficina Económica de Galicia, copiada por outras Comunidades Autónomas, están servindo para que todo isto avance. Crear solo empresarial barato e rápido para poñelo a disposición do que queren seguir crescendo, dos que queren establecerse, contribúe a que a nosa Comunidade gañe competitividade sen perder estándares laborais, sen perder calidade de vida e sen aumentar a presión fiscal.

Permitíranme que me pare nunha cuestión que leva meses centrando os debates neste Parlamento, nos medios de comunicación e en moitos outros espazos: a creación dunha fábrica de fibras téxtiles sustentables en Palas de Rei.

A orixe deste proxecto está na resposta a unha pregunta clave: como evitar que máis da metade dos eucaliptos que se plantan, medran e se cortan en Galicia sexan transformados fóra da nosa terra. Pechar o ciclo produtivo da madeira para que cada euro, desde o principio ata o final, quede en Galicia. Este é o plantexamento. A partir de ahí ven toda a demagoxia que se queira.

Na Unión Europea e en Galicia, a suposta batalla entre protección da contorna e desenvolvemento económico aquí está perfectamente resolta. Está resolta porque hai uns procedementos públicos, moi pautados e esixentes, absolutamente controlados, que garanten que calquera iniciativa que quere asentarse nun territorio cumpra coa lexislación ambiental máis estrita. É así porque temos uns funcionarios de primeiro nivel aos que lles faltan o respecto continuamente.

O debate é industria si, industria non. Emprego si, emprego non. Investimento si, investimento non. Progreso si, progreso non. Non se pode aspirar a ter o mesmo tecido industrial que no século XIX e que a xente non marche traballar porque aquí non hai as oportunidades económicas do século XXI.

Existe unha corrente política na oposición que se opón a todo. Conformen un sistema que está en contra de todo, da industria de fibras téxtiles, en contra da empresa gasística galega, en contra dos parques eólicos en terra, en contra dos parques eólicos no mar, en contra das centrais hidráulicas, en contra da minería e en contra do turismo.

A pregunta que cómpre facer en alto é: vostedes de que están a favor? Os que se opoñen a todo canto proxecto industrial e enerxético que se quere asentarse en Galicia non é só que non propoñan unha alternativa: é que deixan á nosa terra sen alternativas para prosperar, alternativas que aproveitan outros.

Sinto dicir, señorías, que o alcume de “Os do non” que con tantos esforzos gañou o Bloque Nacionalista Galego está sendo duramente disputado tamén polo Partido Socialista. Non é crítica: é crónica. Con eses vaivenes que o que conseguen é deixar a Galicia sen financiamento. Veremos onde vai todo ese financiamento que se lle nega a Galicia. Demostraron ser moi eficaces en que non veñan cartos a Galicia, veremos se o son para o contrario.

Señorías, neste momento hai moitos ollos pousados en nós. Empresas moi pendentes de se a nosa terra se acaba convertendo nun lugar hostil para o investimento e a creación de emprego. Nese caso irán a onde iso non sexa así.

Por iso reitérolles que a Xunta de Galicia vai ser firme. Calquera proxecto que non cumpra coa normativa ambiental non será autorizado, pero calquera proxecto que cumpra será benvido porque contribúe ao desenvolvemento da nosa terra. Non imos tolerar que os que levan anos intentando expedir títulos de bos e malos galegos poidan emitir por enriba bula de boas e malas empresas.

É moi revelador que a día de hoxe, e queda apenas un ano para cumprir o prazo do verán do 2026, haxa máis de 18.260 millóns de euros de fondos europeos para a industria aínda gardados nun caixón. É moi significativo que o Goberno central, en vez de distribuílos e crear riqueza con eles, gasta todos os seus esforzos en intentar prórroga tras prórroga, en vez de executar, en afanarse en buscar pretextos para non financiar os proxectos industriais galegos que cumpren coa normativa.

Especialmente cando a vara de medir medioambiental que se aplica noutras partes de España está moito máis baixa que a que se aplica contra Galicia. Xa ocorreu nos últimos meses e hai indicios de que pode volver pasar. Non pode ser que se cumprimos con esas durísimas condicións aínda así se nos negue todo.

Por que en Galicia, con Declaracións de Impacto Ambiental xa aprobadas, se nos esixe o que non se lles esixiu a proxectos que as tiñan nin empezadas e que tiveron asignacións directas de centos de millóns?

Por iso vou máis alá: o debate aquí é industria si ou industria non, emprego si ou emprego non, pero o debate tamén é se existe compromiso con Galicia si ou non. Non toleraremos discriminacións nin exclusións indefendibles. Reivindicaremos que a industria galega reciba o apoio que o Goberno comprometera e esixiremos que non se nos discrimine nos fondos europeos.

E por iso xa lles avanzo que reclamaremos ao Goberno que destine de xeito directo deses miles de millóns que están sen gastar e que acabarán perdéndose, o que a Galicia

Ile corresponde estritamente. Non pido tratos privilexiados. O 6% deses máis de 18.260 millóns. Que os podamos xestionar xa que o Goberno non é capaz, que podamos nós crear riqueza aquí.

O Goberno terá a oportunidade de demostrar o seu compromiso con Galicia, e os señores da oposición de ver se son eficaces traendo cartos a Galicia.

Eu vou seguir defendendo unha política económica que faga que Galicia estea á vangarda nos sectores económicos máis puxantes, evitar que outros aproveiten as oportunidades que nós podemos deixar pasar, porque son os que crean máis emprego cualificado, ben pagado e de calidade. Non estou aquí para vivir comodamente. É moi fácil estar sentado nun escano durante décadas, premendo o botón do non a todo e dando leccións de xestión orzamentaria cando en 25 anos non se xestionou un euro público.

Por iso vou deixar clara outra cousa. Este debate é para ser claros, para dicir o que hai, para dicirlle que si aos que sempre din que non. Fronte á negativa preventiva dos habituais, a Galicia interésalle contribuír a que a Unión Europea gañe autonomía estratéxica no ámbito dos minerais críticos.

Se o noso subsolo ten potencial para impulsar o desenvolvemento do continente, Galicia estará aí: na aposta por unha minería sustentable, que cumpra cos requisitos, respectuosa co medio ambiente e cuxos froitos contribúan ao desenvolvemento da nosa terra, tal e como establece a Lei de recursos naturais que aprobamos o ano pasado neste Parlamento.

A xeografía sitúanos na periferia de Europa, pero a xeoloxía pode colocarnos no centro dos grandes retos estratéxicos da Unión e Galicia beneficiarse. Para iso hai que ser valentes, claros e estritos, e nós imos selo. A situación xeopolítica actual, que ten moitas ameazas, tamén ten oportunidades para quen saiba aproveitálas. Nós temos unha oportunidade, varias, algunhas xa as mencionei. Outra, moi importante, a que se vai plantexar no eido aeroespacial con todo o que ten que ver co gasto en defensa. Levamos anos posicionándonos nese sector.

Hai máis de dez anos, apostamos por impulsar un polo aeronáutico con epicentro no aeródromo lucense de Rozas, enfocado ao desenvolvemento de avións non tripulados para uso civil, ante as críticas dos de sempre. Pois ben: fronte aos visionarios, nestes anos, o sector aeroespacial medrou en Galicia un 60% e hoxe xa dependen del máis de 4.200 empregos. Somos a comunidade na que máis medrou a facturación e polo tanto a riqueza neste ámbito.

As novas circunstancias a nivel internacional e a base que levamos unha década construíndo fai agora que teñamos unha oportunidade ante nós nun ámbito cun enorme potencial de crecemento. Por iso imos reorientar ese polo aeroespacial.

Avánzolle que nesta década a Xunta investirá máis de 180 millóns de euros nunha nova iniciativa estratéxica do sector aeroespacial en Galicia, reorientada á seguridade e da defensa, que aproveite o vigor deste sector na nosa comunidade, o prestixio, e ante a previsión de que a demanda se incrementa exponencialmente nos vindeiros anos. Galicia estará aí a pesar das críticas que estou seguro que imos ter.

Estes 180 M€ estarán dedicados a unha estratexia en tres piares: un programa de investimentos conxuntos, no que a Xunta, da man de empresas tractoras, que xa existen e as que poidan vir, poida participar no desenvolvemento de novos proxectos industriais; un servizo de asesoramento para que as empresas do noso tecido produtivo que queiran reorientarse cara ao sector aeroespacial, de seguridade e defensa contén coas claves para facelo; e un fondo de investimento específico para apoiar os desenvolvementos nestas tecnoloxías, dirixida a industrias con sede ou centros de traballo en Galicia.

Onte escoitábamos ao presidente do Goberno dicir que ten un plan e unha previsión. Se ao final vai para adiante, que esperemos que si, hai un plan e unhas previsións de investimento en materia de defensa. Ese plan ten que pasar, esperemos, temos os piares e espero a súa colaboración, por investimentos importantes en Galicia.

Galicia dá un paso adiante para posicionarse no novo contexto internacional e crear emprego e riqueza. Os cimentos xa están asentados, pois somos a cuarta comunidade con máis emprego en materia de seguridade e defensa. Agora tomamos a iniciativa para

reforzar a nosa posición. É unha maneira máis para que os galegos que hoxe estudan para ser enxeñeiros, para ser técnicos, para ser mecánicos, para ser expertos en enerxías renovables atopen traballo aquí, na súa terra. A industria é a mellor vacina contra a emigración, e nós desde logo imos facer todo o posible para que así sexa.

Por suposto, este relanzamento industrial, este aproveitamento das novas oportunidades, as que estean máis á vangarda tecnolóxica, hai que facelo sen esquecer os nosos sectores tradicionais, os nosos sectores que sempre estiveron aí e que seguen dándolle vida a Galicia.

Hai que reforzar o noso compromiso co noso sector primario. Galicia leva anos demostrando que a gandería e a agricultura poden e deben ser sinónimo de futuro, en ningún caso un vestixio do pasado. Apostamos pola remuda xeracional, coa posta en marcha do Banco de explotacións e con axudas que xa facilitaron desde 2009 a incorporación de 5.000 galegas e galegos de menos de 40 anos á actividade agrícola. É un camiño que hai que seguir potenciando.

Impulsamos a promoción, a adaptación constante e a mellora da comercialización dos produtos do noso agro, especialmente agora e especialmente no sector vitivinícola no que somos claramente líderes e que agora ten unha serie de retos. Por iso dicía antes que hai que acompañar ás empresas que o necesitan para que poidan seguir exportando.

Hai que seguir fomentando a innovación no sector primario. Hai que seguir impulsando proxectos piloto e desenvolver novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías nos sectores agrícola, gandeiro, forestal e da industria agroalimentaria.

E investimos cada ano máis de 50 millóns de euros en mellorar a vertebración da terra agraria. É un problema para Galicia e polo tanto hai que abordalo. Hai que facer investimentos para os camiños rurais, pasteiros, regadíos e coa imprescindible concentración parcelaria, que xa logrou reordenar 23.000 hectáreas desde 2020 e avanzar noutras 113.000.

Queremos seguir por este camiño, que nos levou —entre outras boas cifras— a incrementar nun 16% a produción de leite e nun 20% a de viño no que levamos de década. Por iso lles anuncio que Galicia porá en marcha unha rede de centros de innovación agroalimentaria no medio rural, dedicada a asesorar ás iniciativas empresariais que multipliquen o valor engadido dos froitos da nosa terra.

Se falamos do noso sector primario, hai que falar do noso mar, a nosa riqueza. A Xunta ten que seguir traballando para despexar as incógnitas e aproveitar as súas innumerables potencialidades: da man dos científicos e co sector, continuaremos desenvolvendo o Plan de competitividade e sustentabilidade do marisqueo de Galicia, para impulsar a súa produtividade e rendibilidade; estaremos moi presentes nas institucións europeas para que se trate con xustiza á primeira potencia rexional pesqueira do continente, que somos nós.

Logramos unha primeira vitoria coa creación dun comisario exclusivo de Pesca na Comisión Europea e agora chegaremos a todas as instancias europeas para protexer a nosa conserva ante un hipotético acordo de libre comercio con Tailandia. Nun mercado globalizado, non sería xusto nin comprensible nin admisible que os nosos produtores, dun elevadísimo nivel de calidade e estándares laborais e medioambientais, recoñecido en todo o mundo, se visen penalizados fronte a rivais que non os cumpren.

Se algo estamos aprendendo nestes días é a importancia de contar con autonomía estratéxica nos máximos ámbitos posibles, tamén no alimentario. Agardo que aquí teñamos a colaboración do Goberno central na defensa do noso sector conserveiro. En paralelo, seguiremos concienciando á poboación sobre a importancia de que os produtos do mar sexan unha parte fundamental de calquera dieta equilibrada e saudable.

Señorías, asistimos con enorme preocupación ás cifras que revelan que o consumo de peixe está en caída libre en toda España, tamén en Galicia: hoxe en día sitúase nos 18 quilos por persoa ao ano, mentres que hai pouco máis dunha década consumíanse 27. Por economía e por saúde, é unha moi mala noticia.

Levamos anos insistindo ante o Goberno central para que tome unha medida que tería unha enorme influencia sobre o consumo: a redución do IVE do 10% ao 4%, para equiparalo ao resto de alimentos básicos. Do outro lado atopamos sempre o silencio ata o día de hoxe. Seguiremos reclamando pero tamén tomando medidas.

Aparte de seguir promocionando e divulgando os beneficios do consumo dos produtos pesqueiros galegos, imos tomar unha acción directa. Imos lanzar un bono para estimular o consumo de peixe fresco, dotado con 50 euros e que vai chegar a 50.000

consumidores. Trátase dun investimento de 2,5 millóns de euros ao longo de 10 semanas para animar á xente a que volva a tomar peixe, para que recupere ese hábito. É un xesto sinxelo e máis eficaz que mirar cara outro lado. Manda unha mensaxe: para os galegos, o noso sempre vai ser o primeiro e queremos poñer en valor, difundilo e estimulalo.

Señorías. Se falamos de sectores estratéxicos, o turismo, tan denostado por algúns, segue sendo un elemento fundamental de riqueza. Galicia seguirá sendo tamén unha comunidade amable cos turistas, sempre que —como pasa na inmensa maioría dos casos— veñan para desfrutar do noso patrimonio natural e cultural e respectando ás persoas que vivimos e traballamos aquí. A nosa comunidade como destino turístico goza dun excelente estado de saúde, como demostran os 8,2 millóns de visitantes que recibimos o ano pasado. En perspectiva, é o dobre de turistas que hai unha década, con máis de 130.000 persoas traballando no sector.

Este crecemento vén parello ao do noso gran imán, o Camiño de Santiago. No primeiro trimestre recolleron a súa credencial 56.200 peregrinos, cunha altísima afluencia na Semana Santa, desafiando as condicións meteorolóxicas. Que fai a Xunta? Preparar a seguinte gran cita, o Xacobeo de 2027. Que fai o Goberno central? As bonificacións fiscais que estaban comprometidas desde mediados do ano pasado, que xa tiñan que estar en vigor, seguimos sen telas e perdendo oportunidades de patrocinio. Para isto Galicia tense que aguantar.

É unha mágoa porque todo apunta a que neste ano Galicia poderá bater por primeira vez a marca das 500.000 Compostelas, sen ter en conta aos peregrinos que non a solicitan. Temos sensores que acreditan que podíamos en realidade estar chegando aos 850.000 ou 900.000 peregrinos reais. Hai que seguir traballando para que a atención que agora mesmo suscita Galicia non sexa unha moda pasaxeira. Galicia e o novo desenvolvemento turístico chegou para quedarse.

Polo tanto, imos consolidar esta fonte de riqueza. O turismo é xa o 10% do noso PIB. Continuamos apostando pola diversificación, pola desestacionalización, pola innovación e a formación turística: un programa de capacitación, unha batería de axudas por máis de 20 millóns de euros... cousas inmediatas para seguir aproveitando esta oportunidade con sentidiño, esta oportunidade de creación de emprego.

Se falamos de emprego temos que dicir que o noso mercado laboral está en boa forma, e así o evidencian todos os datos. Pero cómpre ser esixentes e seguir implantando reformas para atallar as disfuncións que aínda existen. Cando hai persoas que están no paro —aínda que sexan menos que nunca— e, á vez, son tantas as empresas que non atopan man de obra, é que algo está fallando.

A Xunta está a traballar para arranxalo: en materia de emprego por conta propia, unificamos nunha única convocatoria todas as axudas aos autónomos, para facilitarlles ao máximo a vida ás persoas que queren emprender o seu propio negocio.

Seguimos afinando as listas das persoas que constan como desempregadas, para que os servizos de orientación poidan centrarse naquelas que realmente buscan traballar. Hai que axudalos a atopar traballo e hai que axudar aos empresarios que queren cubrir esas vacantes. En menos de dous anos revisouse a situación de 60.000 persoas, atoparon emprego preto de 10.000, e máis de 93.000 persoas inscritas como demandantes de emprego asinaron o compromiso de buscar traballo activamente. Teñen que facelo porque é bo para eles e é bo para toda Galicia.

Tamén avanzamos no control das baixas laborais, un enorme problema, para evitar que haxa persoas que estando sas non estean indo a traballar, moitas veces por lentitude da Administración: revisamos a situación de 20.000 traballadores (concluindo que dous de cada tres, máis de 13.600, estaban listos para a reincorporación) e, desde hai unhas semanas, as baixas para operacións programadas emítense xa desde o hospital, mentres que as asociadas a casos de cancro, fracturas óseas ou coronavirus poden realizarse por teléfono. Hai que ser razoables con aquelas persoas que precisan esa razoabilidade e tamén inflexibles para conseguir que o absentismo laboral se encadre dentro de límites obxectivos e legais.

Polo tanto, seguir tomando medidas para un novo mercado laboral cada vez máis axustado esixe esforzos pero eses esforzos redundan no tecido económico. Imos seguir afondando nas políticas de retorno, que xa supuxeron a chegada a Galicia de 36.500 persoas con raíces na nosa terra, moitas delas emprendedoras ou cubrindo postos de traballo que estaban vacantes, creando riqueza en Galicia; e tamén impulsaremos a formación, cun decreto pioneiro para regular as microcredenciais, cursos formativos de curta duración, moi axustada ao que se precisa, e adaptados ao que demanda un mercado de traballo en rápida evolución.

Dentro desta liña de traballo cobra tamén un papel fundamental a reivindicación das competencias nos permisos de traballo, á que lles facía mención antes, para Galicia é importantísimo, e que nos permitirían axilizar a incorporación de persoas que son moi necesarias en determinados sectores económicos, que teñen dereito a traballar e comezar unha nova vida. Agardo que non haxa problemas. Non sería entendible volver a sufrir o que sufrimos coa lei do litoral e porque tiveron ocasión de falalo co ministro que me dixo que neste tema deberíamos chegar a un acordo. Agardo que así sexa.

Señorías. Unha economía sa e próspera é a clave para contar cuns servizos públicos eficientes, modernos e coa axilidade suficiente para adaptarse a un pobo que non deixa de cambiar. Un Estado do Benestar que sexa merecedor da marca Galicia Calidade. Todo isto pódese conseguir sen aumentar a presión fiscal.

Nunha sociedade dinámica e que aproveita as súas oportunidades económicas, o custe da mellora continua dos servizos públicos non ten por que proceder dunha presión fiscal cada vez maior. Todo o contrario: Galicia leva anos demostrando que unha carga fiscal baixa e un Estado do Benestar forte son perfectamente compatibles cando existe un Goberno que ten claras as prioridades.

Levamos moitos anos baixando impostos, 121 veces desde o ano 2009. As bonificacións fiscais aprobadas pola Xunta xa permitiron aos contribuíntes galegos aforrar máis de 300 millóns de euros nos últimos anos. Na actual campaña da Renda, esta cifra incrementarase con outros 34 millóns de euros máis.

A nosa comunidade conta xa cunha das fiscalidades máis beneficiosas para as rendas máis baixas; os impostos máis baixos para comprar unha vivenda, tanto no rural como para os galegos de menos de 36 anos, as familias numerosas ou as persoas con discapacidade; os impostos máis baixos para a compra dun vehículo de segunda man; bonificacións para estimular o mercado da vivenda, tanto para as persoas novas que aluguen un piso como para os propietarios que rehabiliten vivendas baleiras.

E somos a única comunidade na que as familias con dous fillos están equiparadas ás numerosas a efectos do IRPF, o que permite aforrar a cada unha 250 euros, mentres que as familias con tres fillos deducen o dobre (500 euros) e outros 250 euros adicionais por cada fillo a partir do cuarto, e, desde este ano, contamos tamén con 300 euros por cada menor en acollida, xa desde o primeiro día. Ademais, aquí o 99,9% das herdanzas de pais a fillos non tributan e tampouco as herdanzas entre parentes polos primeiros 25.000 euros.

E comprométome a que Galicia non vai subir impostos. Sempre que poda, porque depende da situación económica, vai seguir baixándoos. Será outra expresión da Galicia calidade fronte ao que estamos vendo que fan por aí.

Señorías. Sen dúbida hai que falar de vivenda, unha das cuestións que máis preocupan aos galegos. É evidente que a situación é mala, en toda España, tamén en Galicia, cando hai tantas persoas que teñen que agardar moito tempo para poder emanciparse ou que dedicar unha parte moi importante do seu salario a pagar a mensualidade do alugueiro.

A vivenda é absolutamente imprescindible para poder construír un proxecto de vida. Por iso ten que estar entre as prioridades de calquera Goberno e por suposto que o está no que eu presido. Como todas as crises, a da vivenda tamén ten as súas orixes e convén acertar no diagnóstico para despois poder atinar tamén nos remedios.

É reduccionista e desacertado culpar da situación, única ou principalmente, á cobiza dalgúns caseiros ou ao auxe das vivendas turísticas. Tamén intentar solucionalo só con medidas de control de prezos. Os seus efectos están á vista de todos: en Cataluña o número de contratos de alugueiro caeu un 18% e, nos Países Baixos, o número de pisos dispoñibles caeu nun 38%.

O problema existe, pero a súa solución non pasa por persistir en medidas que sempre fracasaron. A resposta de Galicia ten que ser outra. Pasa por incrementar coa máxima axilidade o número de vivendas dispoñibles e por suposto para iso o máis eficaz é construílas ou poñer as condicións para que se poidan construír.

Por iso, nesta lexislatura imos duplicar o tamaño do parque público de vivenda: dos cerca de 4000 pisos que hai hoxe pasaremos a arredor de 8000 en 2028. Un ano despois da investidura, máis de 2000 delas xa están en marcha. Este impulso histórico é posible gracias primeiro a unha coordinación administrativa, a unha vontade política, e tamén que neste 2025 triplicamos os fondos destinados a desenvolver solo residencial e construír vivenda pública.

Pero non é a única medida. Hai moitas máis: estamos a facilitar solo para, confiando na colaboración público-privada, a construción de 20.000 vivendas protexidas e outras 5.000 libres a través da nova figura dos PIA residenciais, que van axilizar moitas cousas evitando todas as trabas urbanísticas que ata o de agora existían. Tamén estamos traballando en avais para que os mozos que compren vivenda no mercado, ou calquera persoa que adquira vivenda protexida, non teña por que poñer a entrada; o Bono Emancípate para pagar os gastos derivados de mudarse da casa familiar, que xa recibiu máis de 3000 solicitudes.

Ademais, damos máis facilidades para a conversión dos locais comerciais a vivenda, sen ter que modificar o PXOM; menos impostos para a compra destes baixos e para comprar e rehabilitar inmobles destinados ao alugueiro; redución á metade dos prazos de tramitación de novo solo residencial para vivendas protexidas; e un prazo excepcional de tres anos para recuperar os edificios inacabados que a crise deixou en tantos concellos galegos, que podemos ver eses esqueletos, a condición de que a metade dos seus pisos sexan protexidos;

Tamén contamos coa nova Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, que xa está funcionando. Xa está promovendo vivendas agora mesmo que serán unha realidade en pouco tempo. Temos esa mesma promesa desde o Goberno central que, a día de hoxe, segue sendo só unha promesa. E elevamos os límites de renda para que mais persoas poidan acceder a unha vivenda pública ou protexida. Declaramos protexidas permanentemente esas vivendas que teñen esa protección de inicio.

Señorías, seguiremos construíndo unha Galicia que sexa fogar para todos, independentemente da súa idade ou nivel de ingresos. Axudando aos de menos ingresos para que isto poda ser unha realidade. Por iso seguiremos tomando medidas para que haxa cada vez máis vivendas dispoñibles.

Hoxe anúnciolles que imos lanzar un novo programa de axudas para rehabilitar, renovar e asegurar inmobles baleiros que vaian saír ao mercado do alugueiro. Animar aos propietarios, darlles seguridade, deixar de ameazalos e deixar de culpabilizalos. Ese é o camiño, e non o contrario. Estes contratos deberán ser dun mínimo de cinco anos e as axudas, que serán de media de 12.000 euros por piso, poderán ser aínda superiores cando se alugue a xente nova ou a familias con fillos pequenos.

Falando de familias. Coñecemos como é a distribución demográfica en Galicia. Un de cada catro galegos teñen máis de 65 anos e prevese no ano 2050 serán un de cada tres. En paralelo, aínda que o número de fillos por muller se mantén practicamente invariable, no último cuarto de século pasaron de nacer 18.800 galegos ao ano a apenas 14.000. Esta é unha realidade que hai que afrontar.

Ningún Goberno pode obrigarlle a ninguén a ter fillos, pero todos os Gobernos ten a responsabilidade de brindarlle o máximo apoio a todas as persoas que toman esta importantísima decisión, que cambiará tanto a súa vida, para ben, como o porvir de todo o país. É un orgullo que Galicia sexa pioneira e referente a nivel nacional e europeo nas medidas de apoio á familia: coa primeira Lei de impulso demográfico a nivel nacional; con medidas imitadas noutras comunidades, coma a Tarxeta Benvida que xa beneficiou a máis de 111.000 familias; coa oferta máis ampla de España de reprodución asistida dentro da Sanidade pública.

E apostando pola protección da saúde infantil máis que ningún outro lugar do mundo, pois aquí temos o calendario de vacinación máis completo que existe e o programa de cribado neonatal máis ambicioso de España. Non nos conformamos. Non escatimaremos ningún esforzo en garantir que as nenas e nenos galegos estean mellor inmunizados que en ningún outro país.

No vindeiro curso imos poñer en marcha un proxecto piloto para administrar nos colexios a vacina intranasal da gripe e ampliaremos dos 5 aos 11 anos o teito de idade para inmunizarse así, evitando un pinchazo que nunca é agradable e que probablemente servirá para elevar o grado de inmunización dos nosos rapaces e rapazas.

Unha Galicia próspera, unha Galicia calidade ten que ser unha Galicia en igualdade. E polo tanto todas as nenas deben ter a certeza de que poderán ser o que elas desexen, sen tópicos, sen rancios estigmas, sen teitos de cristal. Galicia calidade tamén é Galicia en igualdade. Igualdade que se forxa con esforzos desde a Xunta e desde a escola, por iso acabamos de poñer en marcha un programa innovador nos institutos que achega testemuñas reais de vítimas de violencia de xénero e de expertos na materia; igualdade que se forxa con iniciativas reais como o programa Emega ou a liña de axudas en sectores masculinizados para que poida haber máis mulleres. E igualdade que se forxa destinando máis fondos que nunca en materia de igualdade; moitos máis que na época do bipartito.

Entre todas e todos temos que desterrar para sempre esa lacra da violencia de xénero, e non só as súas manifestación máis dolorosas máis terribles, cando morre unha muller, como neste mesmo mes o asasinato de Josefa Fariñas. Senón tamén simplemente os atisbos, as mostras, o que as veces é o atisbo de algo moito peor. Ningunha muller debe vivir con medo, resida onde resida.

A nosa comunidade dispón xa de 84 Centros de Información á Muller que dan servizo a 200 concellos e que atenden a máis de 16.000 galegas cada ano. Pero aínda hai unha terceira parte dos concellos que non dispoñen deste servizo. Por iso lles avanzo que a Xunta porá en marcha catro Centros de Información á Muller móbiles, un por provincia, que percorreren os concellos rurais para identificar posibles casos de violencia machista e apoiar ás vítimas.

Estes centros móbiles tamén acudirán aos sete campus universitarios galegos, prestando información e asesoramento.

Asesorar a Educación, que é a chave que abre as portas do futuro, e por iso estamos tan orgullosos do sistema que fomos construíndo, paseniño pero cun obxectivo claro, ao longo de todos estes anos. Os datos están á vista de todos: Galicia é a terceira comunidade con máis profesores por alumno e temos en marcha medidas para ir mellorando aínda máis estas ratios, e somos tamén a comunidade coa estabilidade máis alta entre os docentes. Coa máis baixa taxa de interinidade. O 93% dos concellos galegos teñen un colexio de infantil e primaria, fronte ao 55% da media nacional, e contamos coa rede de transporte escolar máis extensa de España para darlle servizo.

Dispoñemos dun Plan de arquitectura pedagóxica para ir mellorando as instalacións destes centros, dotado con 500 millóns de euros na construción ou renovación de moitos centros escolares.

A nosa Educación é referente de inclusión, do que temos que sentirnos especialmente orgullosos. O 91% dos alumnos con necesidades especiais matriculados nun centro ordinario e cuns excelentes Centros de Educación Especial para os que precisan dunha atención singular. E a Formación Profesional está a medrar a un ritmo sen precedentes, e isto é fundamental en moitísimos aspectos, co dobre de alumnos que no 2009 e o triplo de empregabilidade. En formación profesional dual practicamente empregabilidade total.

Non nos conformamos. Para seguir avanzando, lanzamos programas para reorientar a un ciclo aos alumnos que poidan estar tentados polo abandono escolar e iniciativas para ligar aínda máis estreitamente as ensinanzas da FP coas necesidades do mercado laboral. Isto é a clave e o que explica este enorme auxe da FP nos últimos anos. E, por suposto, levamos por bandeira a nosa aposta única en España por unha Educación gratuíta desde que entramos na escola infantil ata que saímos da Formación Profesional ou da Universidade cun título debaixo do brazo.

Si, señorías, a Universidade en Galicia é gratuíta desde o inicio desta lexislatura. Outros o prometeron, outros o anunciaron, e por suposto o esqueceron. Era un dos compromisos no debate de investidura do presidente Sánchez e aínda estamos esperando a que se digne a falar dese anuncio que fixo. En Galicia o anunciamos hai un ano e en Galicia xa funciona. Galicia cumpre: dito e feito. E isto hai que poñelo en valor. Estou orgulloso de que esta aposta dá os seus froitos e o abandono escolar caeu a menos da metade en 15 anos, mentres que o informe PISA unha vez máis nos sitúa por riba da media dos países desenvolvidos en todos os ámbitos e destacamos especialmente en ciencia, pensamento creativo e en equidade, é dicir, igualdade de oportunidades.

Queremos que Galicia siga brillando con sistema educativo que sirva para reducir as desigualdades e para que todos os nenos, independentemente da contorna na que nacesen, teñan as mesmas oportunidades. Contamos cun dos modelos para a adquisición de libros de texto e material escolar máis xustos que existen. Un sistema adaptado ás distintas realidades dentro das aulas e baseado na renda, que apoia máis a quen máis o precisa.

Pois ben, hoxe reforzamos esta concepción estendendo este modelo a máis familias, de clases medias, que actualmente non están a recibir ningunha axuda neste eido. Así, Galicia vai implantar na vindeira declaración da renda unha nova desgravación por compra de libros e material escolar coa que os fogares de entre 10.000 e 30.000 de renda anual per cápita poidan descontar o 15% do gasto e ata un máximo de 105 euros por alumno.

Seguiremos avanzando pola senda do plurilingüismo, que é unha riqueza e que nos sitúa como a comunidade autónoma con mellor nivel de inglés. Seguiremos avanzando polo camiño dunha educación dixital razoable e proporcionada, sen delegar nas pantallas a formación dos máis pequenos nin obviar que vivimos nun mundo dixital e que deben coñecer as súas oportunidades e riscos para adaptarse a elas, coa primeira Lei de educación dixital de Europa, que será unha oportunidade para todo elo.

Tamén garantiremos unha Educación que impulse o uso do galego malia os cambios sociais, unha cuestión sobre a que volverei máis adiante. Seguiremos avanzando pola ruta dunha educación respectuosa con todos os pequenos, da que o acoso escolar debe estar totalmente desterrado. Este mesmo ano Galicia vai crear unha rede de concellos contra o acoso escolar, para seguir construíndo colexios e institutos libres deste tipo de condutas que non reflicten o que somos nin o que queremos ser. E cando se produzan hai que erradicalas. E as rapazas e rapaces convértense en persoas mellores no sistema educativo, pero tamén —sobre todo— nos seus fogares e nas actividades que fan no seu tempo de lecer. Mais nós tamén temos que facer a nosa parte.

E para lograr unha oferta de ocio completa, a semana que vén abrírase o prazo de inscrición para a Campaña de Verán 2025. Baterá de novo o récord de prazas: máis de 11.600 en campamentos, campos de voluntariado e todo tipo de formatos para satisfacer a todo tipo de gustos e inquiredanzas.

Señorías, paso ao apartado da Sanidade. Non hai mellor investimento que o investimento en saúde; témolo clarísimo. Por iso este ano, e xa van varios anos seguidos, volvemos a marcar un novo récord en canto á cifra de investimento en sanidade pública de Galicia. Hai moitos exemplos disto: investimos 160 millóns de euros en construír e mellorar máis de 130 centros de atención primaria.

Desde 2009 inauguramos dous novos hospitais en Lugo e Vigo, dos mellores que existen en España, e impulsamos a máis ambiciosa renovación de todos os demais, tanto os de referencia coma os comarcais. O último, o que está en construción na Coruña. Avanzamos cara a un novo modelo de atención primaria cos Centros Integrals de Saúde, que xa funcionan en Lugo e Lalín, que pronto abrirá as súas portas en Vigo e que estamos tamén a impulsar en Ourense.

Galicia apostou moi forte pola innovación sanitaria e polos investimentos en alta tecnoloxía: os hospitais contan con dez equipos de cirurxía robótica que xa fixeron máis de 5200 intervencións, e estamos impulsando unha unidade de fabricación de terapias avanzadas contra o cancro e tamén estamos a construír un centro de protonterapia que será a referencia no norte español. E volvo aquí a dicir, fronte a algunhas críticas absolutamente inentendibles, absolutamente inxustas, volvo a poñer en valor a axuda, a cooperación e a man tendida da Fundación Amancio Ortega en todos estes temas e quero dicilo aquí publicamente, recoñecelo, e pedir un aplauso para o labor que están facendo.

Lamento moitísimo que para os grupos da Oposición este esforzo non merezca ningún aplauso. Eu teño claro que fronte ao esforzo enorme que estamos facendo desde a Xunta de Galicia as colaboracións fundamentais sempre van ser benvidas, o tiñan claro tamén en comunidades nas que goberna o Partido Socialista. Pero como sempre, o Partido Socialista aquí é completamente diferente. Lamento que sexa así.

Malia todo, continúa a haber cousas que non dependen de nós. O Goberno central parece ser o único que non se decata de que a Sanidade, en toda España, ten un problema de recambio xeracional en determinadas especialidades. E o estamos dicindo todas as comunidades autónomas. As de todos os partidos políticos, especialmente en determinadas especialidades. Alá eles se lles costa tanto solucionalo non respecto ao coste, que o asumiríamos as comunidades autónomas, pero si respecto as decisións que hai que tomar. Malia iso, o Sergas está a facer un traballo admirable para responder ao enorme reto que supón o envellecemento da poboación e a súa dispersión e o respectivo incremento da demanda, especialmente en atención primaria.

Señorías, no ano 2024 reducíronse as esperas e aumentou a actividade asistencial en todas as áreas da Sanidade: cirurxías, consultas e probas diagnósticas. No ámbito cirúrxico, por primeira vez superamos as 200.000 operacións nun único ano, 30.000 máis das que se facían en 2009. En consultas co especialista, o tempo medio de espera baixou desde os 73 ata os 61 días. Ten que seguir baixando, pero baixou xa 12 días menos nun só ano. Somos a segunda comunidade que menos agarda para unha consulta médica. Respecto ás probas diagnósticas, en 2024 creceu a actividade un 4% e reduciuse en 6,2 días o tempo medio de espera.

Señorías, vou dicilo unha vez máis. Fronte as críticas desmesuradas, que se cualifican por si mesmas, fronte á polarización que algúns tentan no ámbito da Sanidade, eu recoñezo, sempre o dixen, que hai cousas que mellorar, que claro que hai cousas que non están ben, que claro que non todo é perfecto. Aínda con todas as cousas que é necesario mellorar, a Sanidade pública de 2025 é mellor que a de 2024 e faremos todo o posible para que a de 2026 sexa aínda mellor, e así cumprimos co noso deber de estar máis á altura das necesidades e demandas das galegas e galegos. Asegúrolles que en ningún caso nos imos conformar.

Galicia avanza en Sanidade preventiva, con cribados para cada vez máis doenzas e en maiores rangos de idade. Galicia avanza na abordaxe da saúde mental: na última lexislatura duplicamos o número de profesionais especializados en saúde mental no Sergas, este ano investiremos 28 millóns de euros en programas específicos de saúde mental e ao longo desta lexislatura contrataremos 35 novos psicólogos clínicos para a Sanidade pública galega.

Galicia avanza na atención sanitaria ás persoas maiores dependentes. Anúnciolles que nos vindeiros meses lanzaremos un plan piloto para atender aos doentes con patoloxías crónicas complexas e avanzadas, que están nunha residencia ou recibindo coidados dun familiar na casa, desde un enfoque multidisciplinar, tanto sanitario como social. Investiremos medio millón de euros en impulsar este piloto nun distrito sanitario.

Dependencia e discapacidade. O sistema de atención á dependencia viviu unha rápida expansión desde o ano 2009: investimos catro veces máis que daquela, atendemos a cinco veces máis persoas dependentes e contamos co triplo de prazas públicas en residencias, ata chegar ás 16.000.

Para os maiores que están nas súas casas, no último Debate de Política Xeral, o do ano 2023, anunciei a posta en marcha dun bono de 5000 euros ao ano. Hoxe xa o reciben 23.000 persoas en toda Galicia. Galicia aquí tamén cumpre.

Somos conscientes de que aínda hai moitas persoas maiores ou con discapacidade que esperan máis tempo do tolerable para recibir a súa valoración e pedimos desculpas a todas as familias que o están a padecer. Pero non estamo de brazos cruzados. Para remedialo, este 1 de xaneiro lanzamos un Plan de axilización e simplificación dos trámites da dependencia e a discapacidade, para reducir todo o papelame a unha soa solicitude e recortar ata os seis meses os tempos de resolución.

Nos máis de 110 días que levamos desde a implantación deste plan, xa logramos máis de 32.000 resolucións, un 70% máis que no mesmo período do ano pasado. Non é aínda a meta, pero si unha primeira etapa razoable que avanza o que lograremos nos vindeiros meses. Creo que esta é unha demostración de que cando hai un problema algúns teorizan, e outros – a Xunta de Galicia- actúa.

En paralelo, tamén continuaremos a negociar coa Federación Galega de Municipios e Provincias para blindar o Servizo de Axuda no Fogar e facelo sustentable no tempo, pois é un dos máis prezados e demandados polos maiores galegos.

Para poder estar á altura das necesidades da xente, iso si, é irrenunciable que o Goberno central equilibre por fin as súas achegas ao sistema da dependencia, que desde a entrada en vigor da Lei acumula un déficit de 2500 millóns de euros. Sen esperar por eles, a Xunta segue traballando. Para os maiores que están nas residencias, aos novos centros públicos de Santiago, Lugo e Pontevedra —a piques de abrir as súas portas— unírase pronto o da Coruña.

Pero tamén aquí queremos pisar o acelerador. Hoxe avánzolle que a nosa comunidade vai desenvolver ao longo desta lexislatura o plan de construción de residencias máis ambicioso da Historia de Galicia. Imos crear 24 centros con 1800 novas prazas de atención aos maiores en concellos de menos de 50.000 habitantes nesta lexislatura. Isto vai permitir, traballando man a man co sector, incrementar preto dun 15% as prazas públicas actuais, crear un milleiro de postos de traballo no sector sociosanitario e ampliar a cobertura residencial a moitas localidades que neste momento non contan cun centro e o demandan porque o necesitan.

Isto é futuro, señorías. E o futuro precisa certeza. Neste camiño que fomos construíndo os galegos ao longo da nosa Historia, pegada a pegada, aínda quedan por coroar algúns dos cumios máis altos. Estou absolutamente convencido diso.

O noso país agocha enormes cantidades de talento nos seus investigadores. Investigadores que nas Universidades, centros singulares e outros espazos, públicos e privados, estanse logrando día tras día importantes logros, aínda que moitos pasen

aparentemente desapercibidos, non se lles da o recoñecemento que moitas veces merecen.

Nós confiamos neles e porque confiamos no potencial da nosa terra, Galicia é a comunidade na que máis está a medrar o investimento en I+D+i, lideramos a Compra Pública de Innovación en toda España e vimos de dotarnos dunha folla de ruta que presentamos no Consello da Xunta, e despois no sector, o Plan de investigación e innovación 2027, que canalizará máis de 1.300 millóns de euros en fondos, que se din pronto.

Tampouco nos esquecemos do talento que se atopa espallado por todo o mundo, que en moitos casos ten ADN galego. Por iso neste ano creamos a fundación pública Galtia para atraer á nosa terra a 30 investigadores de alto nivel internacional ao longo desta década. Tamén lanzaremos o programa Retorna Talento I+D.

Para enmarcar todos estes esforzos e dotar das mellores ferramentas ao ecosistema galego de I+D+i, anúnciolles que neste ano comezaremos a traballar nunha nova Lei de ciencia e innovación de Galicia que estará á altura da lexislación máis punteira de Europa neste ámbito. Porque queremos ser punteiros neste ámbito.

Non é coincidencia que comecemos a traballar nesta normativa poucas semanas despois de que este Parlamento aprobase a primeira Lei de intelixencia artificial de Europa, para garantir que o seu uso contribúa a unha Administración máis útil e máis eficaz para o cidadán. É o resultado dunha determinación por situarnos á vangarda naqueles vectores que guiarán o progreso humano nos vindeiros anos.

Nun mundo dominado polas incertezas, no que ninguén sabe cal será a vindeira viraxe, só existe unha fórmula de acerto asegurado: robustecernos, corrixir as nosas debilidades e aproveitar as nosas oportunidades. En definitiva, que no próximo escenario nacional, europeo e mundial —sexa cal sexa— Galicia estea mellor posicionada.

Sería unha equivocación pensar que os grandes avances que experimentou Galicia nas últimas décadas son irreversibles ou que non tiveron ningún custe. Asegúrolles que a Xunta non se vai permitir relaxacións, nin distraccións, nin caerá nos cantos de serea que nos invitan a deixar pasar o tren do progreso para quedarnos na indefinición. Coa confianza da xente e o apoio deste Parlamento, propóñolles que sigamos a pensar Galicia en grande.

Pensar Galicia en grande supón afondar en cohesión e vertebración, para que ningún dos nosos 313 concellos se sinta descolgado dos avances colectivos. E para iso hai que ter máis infraestruturas de transporte, en eixos como Santiago-A Estrada, Lugo-Monforte, Tui-A Guarda, Costa da Morte, Brión-Noia ou Costa Norte. E outros moitos nos que traballaremos. Cando culminemos estas obras, nove de cada dez galegos vivirán a menos de 15 minutos dunha vía de altas prestacións. E isto é un orgullo para todos.

Máis infraestruturas tecnolóxicas, pois o traballo en remoto supón unha oportunidade para revitalizar moitos lugares do rural, sempre e cando exista conexión de alta calidade. Nesta liña estamos a desenvolver un plan para que as zonas máis afastadas da xeografía galega contén tamén con cobertura de datos, que beneficiará a 210 aldeas nas que viven máis de 5.200 persoas e nas que todos estes nómades dixitais, aparte dos seus habitantes, podan fixalo como os seus sitios de residencia. E máis mobilidade sustentable. O autobús xa é gratuíto para menores de 21 e maiores de 65 e seguiremos implantando melloras tecnolóxicas. Hai que seguir vertebrando a nosa terra. Nas competencias que temos, falei antes das grandes infraestruturas, aparte das tarefas de conservación, que consumen moitos recursos. E aquí teño tamén que pedirlle ao Goberno central colaborar na vertebración en materia de estradas. Hai moita, moitísima marxe de mellora nas conexións na provincia de Lugo e cara a Ferrol e a súa área de influencia, tantas veces afastadas. Tamén nos enlaces con Portugal; non podemos permitírnos que o país veciño, con moitos máis quilómetros de vía por despreñar ca nós, leve a alta velocidade á fronteira antes ca España. E que en Galicia sigamos con todos estes estudos, todos estas dilacións ás que o Goberno central tennos afeitos. E aquí Galicia xógase moito.

As capacidades de Galicia como eixo loxístico non poden estar taponadas pola inacción do Executivo central. Hai moitos compromisos pendentes coa nosa terra en materia de infraestruturas ferroviarias, portuarias e gasísticas que non deixaremos de reclamar. Galicia tivo que buscarase a vida para non quedarse illado, e a ese illamento se nos condenaba desde o Goberno central.

Pensar Galicia en grande supón protexer o medio ambiente. A nosa comunidade é líder en redución das emisións de gases de efecto invernadoiro e os nosos bosques son un dos pulmóns verdes de España. Todas esas empresas que hoxe están colaborando na

alianza coa Xunta de Galicia son unha boa mostra de que se están facendo as cousas ben.

Un monte ben xestionado e aproveitado é un monte protexido, un monte que non ten por que arder, e por iso seguiremos apostando pola economía forestal, aplicando tamén as agrupacións de propietarios ao noso monte. A política cos que agriden os nosos bosques seguirá sendo de tolerancia cero e, para defendernos dos ataques, contaremos co mellor equipo de profesionais, que segue avanzando en equipamento e condicións laborais.

Pensar Galicia en grande supón desfacerse das enferruxadas limitacións partidistas que poden impedir un gran pacto pola lingua, no que están a participar máis de 100 profesionais de todos os sectores. Na nosa sociedade hai un amplísimo consenso que debe ter o seu reflexo a nivel político; non pode ser que os consensos da sociedade, cando chegan á política, salten polas aires por intereses partidistas e electoralistas. E con esa finalidade a Xunta mantén a súa man tendida. A segue mantendo, a pesar dos evidentes signos que estamos recibindo dos do non, dos de sempre, que non lles interesa.

A evolución da sociedade galega, con todos os seus factores, ten o seu impacto na realidade sociolingüística. Os retos da nosa lingua son moitos: seducir aos novos galegos para que adopten a nosa lingua, penetrar máis en ámbitos da sociedade que aínda se lle resisten e reforzar as pontes co inmenso mundo da lusofonía. Ningún destes retos se solucionará utilizando a lingua galega como arma política. E quero dicilo aquí.

Pensar Galicia en grande supón apostar pola nosa cultura, que é tan diversa como diversa é a nosa sociedade. Para cada gusto existen esas industrias culturais puxantes que ofrecen un grupo de música, un produto audiovisual ou un libro elaborado na nosa comunidade. Non podo rematar esta intervención sen animar a todos os que nos están seguindo a que hoxe, día de san Xurxo, regalen aos seus seres queridos un libro dunha autora ou autor galego. Esta é unha xornada tan boa como calquera outra para deixarnos conquistar pola nosa literatura.

Pensar Galicia en grande é promover o deporte, os enormes deportistas que temos en Galicia, tanto os de altísimo nivel, que provocan tantos momentos de satisfacción aquí en Galicia, como os centos de miles de rapaces e rapazas que fan deporte en todas as cidades todos os días en Galicia. Unha sociedade saudable e chea de enerxía. Desde a práctica deportiva de base —nunhas instalacións nas que a Xunta inviste neste ano máis de 14 millóns de euros para a súa posta a punto— ata o deporte de elite, do que na nosa terra existen máis de 1500 representantes. O futuro Centro de Alto Rendemento será o mellor dos campamentos base para todos eles.

E pensar Galicia en grande é amar esta terra tal e como é. Amala tal e como é. Coas nosas particularidades; coas nosas diferenzas; coa nosa Historia, que nos une moito máis que as diferenzas; coas nosas ambicións, individuais e colectivas; axudándonos mutuamente a levantarnos das caídas e celebrando xuntos os acertos; os grandes acertos son sempre colectivos, e son moitos.

Pensar Galicia en grande é gobernar coa vista posta non en hoxe, non en mañá, que tamén, senón en moito máis: no próximo ano, nos próximos anos, nas próximas décadas, sendo ben conscientes de que as decisións correctas non sempre se reciben cun aplauso inmediato, coa comprensión necesaria. O fácil é facer o que dura dez segundos. Pero iso non é futuro e iso non é pensar nos que ven detrás de nós.

Pensar Galicia en grande é afrontar o futuro con esa mestura, moi galega, de realismo e optimismo, propia dos pobos que prosperan. Facelo en clave de si, sen deixarnos arrastrar polos que sempre e desde sempre se opoñen a todo. Os do non por sistema. Iso non é pensar Galicia en grande.

Pensar Galicia en grande é confiar na nosa terra e na nosa xente, no que somos e no que podemos chegar a ser. Creo que o mundo aínda non sabe ata que punto Galicia e Calidade poden ser, son a mesma cousa. Eu lles pido que nos axuden a demostralo. Todos xuntos e todas xuntas.

Moitísimas grazas.